

Medo político e control social na retagarda franquista (*Xerais*) é o título do novo libro de Lucio Martínez Pereda, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, quen na actualidade exerce como profesor no IES Valadares. Neste volume, Martínez Pereda afonda no estudo de aspectos diversos da retagarda franquista durante a Guerra Civil, temática da que é un destacado especialista.

LOURDES VARELA

— Galicia foi unha das primeiras rexións militares que caeu baixo o xugo franquista. Hai quen chega a soste que aquí non houbo guerra propiamente dita, senón, directamente, represión pura e dura. En que momento comeza esa represión, quen a “deseña” e en que modo se inspira?


— A represión en quente ten inicio cos asasinatos producidos logo da lectura pública do bando de guerra en Vigo, mais estaba preparada nas súas liñas xerais dende antes. Pero non sei se poderíamos falar de “modelos de inspiración”. Sería máis exacto referirmonos a experiencias previas acumuladas ou incluso a unha suma das dúas. Explícome: o xeneral Mola, auténtico cerebro gris do golpe de Estado, deseñou a fundamentación do repertorio represivo. A súa experiencia como militar africanista e director xeral de Seguridade en 1930 foi básica; a ela, habería que engadir a experiencia de Franco na dirección da represión da Revolución de Asturias, en outubro de 1934. A documentación conservada sobre a preparación interna do golpe en Galicia é ínfima, case anecdótica. Sabemos os nomes dalgúns enlaces que coordinaban a trama civil coa militar, pero pouco máis. Mola era un individuo extremadamente meticuloso e ordenado. Franco, nada máis ter noticia da morte deste xeneral, acontecida nun estraño accidente aéreo, faise co seu arquivo persoal, leo e destrúeo.

— Sinálase a Falange como brazo executor da represión franquista. Como é posible atribuírlle tal protagonismo a un partido que, en 1936, era claramente minoritario en Galicia?

— Si, é certo. Os resultados electorais de Falange en Galicia, en febreiro de 1936, foron un desastre absoluto. Pero o cambio xa se produce en maio de 1936. O número de afiliados a FE crece ao amparo do clima intencionado de guerra civil. O mes previo ao “alzamiento” contaron con asesoramento e axuda presencial de Manuel Hedilla e o falanxismo vallisoletano; un falanxismo especialmente bronco e violento, moi adestrado niso que eles chamaban “la dialéctica de los puños y las pistolas”. Cando se desencadena o golpe de Estado, Falange medra ao amparo do seu protagonismo en asasinatos e saqueos, despedidos de postos de traballo, labores informativos sobre a poboación, xestión de tributos de excepción e mobilización de masas. A isto habería que engadir un aspecto ata agora pouco tratado: o medo que causaban na poboación producialles unha satisfacción narcisista. Sei que isto que vou dicir pode abraiar un pouco, pero o nazismo e o fascismo sostíñan a idea de que a violencia “purificadora” non só era necesaria, senón fermosa. A estas motivacións habería que sumar o cálculo potencial de intereses, é dicir, a esperanza na obtención de futuros beneficios, como así sucedeu.

— En quen se ensañou máis o aparato represivo franquista: nos galeguistas ou na esquerda (socialistas, comunistas, anarquistas...)?

— Aínda non hai datos definitivos sobre esta cuestión. Mais gustaríame introducir un matiz importante sobre o galeguismo. A súa persecución centrouse nos galeguistas de esquerda, men-



Lucio Martínez Pereda - HISTORIADOR

“Os franquismo reprimiu os masóns para contentar á Igrexa”

tres os galeguistas de dereitas non se constituíron en grupo-obxectivo de represalias, senón que foron incorporados á ditadura de distintas maneiras e en distintos graos.

— E por que ese especial ensañamento cos ma-

sóns, aos que Vde. dedica un capítulo enteiro do seu libro?

— Era un xeito de contentar e implicar a Igrexa. A masonería era unha forma a-política de sociabilidade burguesa vinculada ao republica-

nismo e ao laicismo. Os masóns mantiñan unha postura crítica fronte ao papel histórico desempeñado pola Igrexa como “Centro Sagrado de la Patria”. A figura do “masón” foi, ademais, un recurso propagandístico moi útil para construír a idea do “inimigo emboscado”; serviu para alimentar unha cultura da sospeita que estimulou as

delacións na retagarda e para conformar a teoría dunha conspiración que se mantén activa ata o

mesmo ano da morte do ditador. A teoría conspiranoica non precisaba ningunha xustificación obxectiva. O obscurantismo co que se presentou a masonería, facía innecesarias as probas de demostración. A causas contra os masóns no territorio franquista foron instruídas por xuíces militares: caso, coido, que único no mundo. En Galicia abriuse a maior destas causas, con máis de 300 acusados nunha soa instrución.

— Que papel xogou a Igrexa galega, xa non digo na represión, senón no que Vde. mesmo define como “medo político e control social na retagarda”?

— A represión fría non se pode separar de medo político e o control social. É a súa principal indutrimora. O medo activouse coa represión quente, pero permeabilizouse socialmente polo efecto combinado do funcionamento dunha serie de institucións dedicadas a proporcionar informes sobre as condutas relixiosas, sociais e políticas da poboación e os castigos que formaron parte do repertorio represaliador frío: destellos, perda de propiedades, expulsións do traballo, inhabilitacións, multas e morte social. A Igrexa galega, mediante os informes parroquiais, suministraba datos sobre a vida e situación económica da poboación a comisións de incautación, comisións depuradoras de funcionarios, xulgados provinciais de responsabilidades políticas e “Tribunal de Represión de la Masonería y el Comunismo”. Os informes repetíanse logo, cando as vítimas solicitaban perdón, e neste segundo momento valían para medir a modificación das súas condutas públicas e privadas, tras da imposición de sancións e castigos.

— Ten Vde. afirmado que se agocharon moitos papeis que implicaban directamente a Filgueira Valverde na represión. En que se basea a súa afirmación?

— Son documentos de petición de clemencia dirixidos a Filgueira na súa condición de Presidente do “Juzgado Provincial de Revisiones de sanciones contra docentes”, cargo que desempeña despois de exercer a presidencia de la “Comisión Depuradora del Magisterio” en Pontevedra. Son os únicos conservados de ambas institucións. Tería que haber moitísima máis documentación, pero non é estraña a súa desaparición: o mesmo sucedeu nas restantes provincias galegas coas correspondentes comisións depuradoras. Este “mal de arquivo” non impide coñecer o funcionamento do proceso de purga e saber quen o dirixía. A análise da documentación conservada no Arquivo Xeral da Administración e no Arquivo Central do Ministerio de Educación permite saber qué tipos de documentos faltan nos arquivos provinciais: o cal, á súa vez, lévanos a deducir que a súa desaparición, como é obvio, non é resultado da casualidade, senón da intencionada causalidade.

— A lectura do seu libro leva a pensar que o franquismo, máis aló dunha simple ditadura, foi un Estado totalitario. Era esa unha das súas principais pretensións á hora de escribir un libro coma este?

— Si, unha delas. Os mecanismos de control social e vixilancia da poboación empregados durante o primeiro franquismo foron os propios de calquera Estado totalitario. Outra conclusión distinta sería a ditadura, considerada nas súas etapas posteriores, cando a práctica da vixilancia e control social tan intensiva non resultaba necesaria xa que a súa aplicación xa cumprira os obxectivos: crear un capital futuro de medo que enraizase a propia ditadura.